

CONVOCATORIA 2023 PARA PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA REALIDADE [PCR] EN GUATEMALA ARQUITECTURA SEN FRONTEIRAS GALICIA

INTRODUCCIÓN

Dende Arquitectura sen Fronteiras valóranse os Proxectos de Coñecemento da Realidade [PCR] como unha posibilidade para todo o estudiantado da universidade de A Coruña de se desprazar a participar en proxectos de cooperación internacional. Neste senso, os PCR constitúen un elemento clave de colaboración directa entre a comunidade universitaria e as ONGD, creando así toda unha serie de sinerxias relacionadas coas capacidades técnicas, culturais e económicas de ambos axentes en favor da mellora das condicións de vida das poboacións máis desfavorecidas.

O obxectivo principal do programa é que as persoas participantes leven a cabo un traballo de investigación e/ou acción-participación que lles permita mellorar as súas capacidades técnicas, así coma un coñecemento da realidade das comunidades coas que se traballa, que fortaleza o seu pensamento crítico e a súa percepción da realidade de inxustiza global.

Os PCR móstranse tamén coma unha ferramenta de sensibilización clave e eficaz para concienciación na nosa contorna, a través da realización de actividades de sensibilización e da transmisión da propia experiencia por parte das persoas participantes. Por isto, é preciso vincular a participación neste programa de coñecemento da realidade á realización dun traballo validado curricularmente no eido da universidade.

OFERTA DE PRAZAS

Arquitectura Sen Fronteiras ofrece 2 prazas para estudantes universitarios da UDC, con especial preferencia nas persoas voluntarias da nosa demarcación de Galicia, que teñan interese no mundo da cooperación no eido da habitabilidade básica, a posibilidade de realizar unha estada en terreo co apoio de Arquitectura sen Fronteiras - Galicia. Con este propósito publicamos a presente convocatoria para incorporar persoas voluntarias a proxectos a executar en GUATEMALA.

As persoas bolseiras colaborarán directamente coas persoas técnicas da organización trasladadas ao terreo, a contraparte local e as propias persoas beneficiarias, desempeñando tarefas propias do traballo de cooperación ao desenvolvemento que se complementen co desenvolvemento da actividade curricular persoal da persoa estudante.

nome	Nº prazas	País	Zona	duración	data inicio
Proxecto de Coñecemento da Realidade	2	Guatemala	Retalhuleu	Entre 1 e 3 meses	Agosto/Outubro

A concesión da convocatoria está condicionada á obtención do financiamento a través da [convocatoria de PCR da UDC](#), que inclúe o billete de avión (ida e volta), o seguro da viaxe (accidentes e enfermidades) e achegas derivadas da manutención. ASF axuda cos gastos de aloxamento na zona de intervención (Retalhuleu).

COMPROMISOS DE ASF-E GALICIA

Os compromisos de ASF-E Galicia coas persoas bolseiras será o seguinte:

- Redacción dunha carta de presentación en que a organización expresará claramente o interese en que o alumnado realice o PCR.
- Proporcionar á persoa voluntaria información detallada sobre os antecedentes da asociación na zona de traballo.
- Impartir formación precisa para os traballos a realizar.
- Facilitar información e recursos para a elaboración de traballos curriculares e estadía en terreo.

COMPROMISOS XERAIS DOS/AS SOLICITANTES

Do mesmo xeito, as persoas solicitantes terán as seguintes obrigas:

- Firma con ASF do compromiso de PCR antes da estancia no que se detallarán todas as condicións da mesma.
- Compromiso de realizar as actividades propostas na estancia.
- Dispoñibilidade para a formación previa tanto da OCV como de ASF.
- Firma do contrato de voluntariado e cumprimento do Plan de Seguridade de ASF.
- Compromiso de permanencia na asociación de polo menos un ano, traballando no grupo vinculado á actividade no que desenvolveu a estancia e nas actividades de sensibilización propostas relacionadas coa mesma: charlas en cursos de ASF, na Universidade da Coruña, entrevistas...
- Participación activa nas ferramentas de difusión da OCV e de ASF
- Elaboración dun informe final da experiencia a entregar como moi tarde 20 días naturais despois do regreso e informes periódicos das actividades na súa estancia.
- Entrega á OCV da xustificación económica e técnica en forma e prazo que dicte a convocatoria.
- Participación en actividades de sensibilización da OCV.

PROXECTOS EN EXECUCIÓN

Os proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento que se están a executar en Guatemala son os seguintes:

Convocatoria do programa de coñecemento da realidade [PCR] 2023 de ASF-Galicia

- “PROXECTO CHE CHWINQLAL (para a vida) para a garantía das condicións esenciais de gobernanza, planificación territorial, saneamento ambiental e resiliencia da Comunidade Mam Cajolá, formada por 267 familias indíxenas, na súa maioría mulleres nais solteiras e viúvas, recentemente asentadas no municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala”
- Proxecto Q'AQ' IQ' (espírito vital) para garantir as condicións que permitan que a nenez e a mocidade de 10 escolas de educación primaria e 1 instituto de educación secundaria de Retalhuleu, Guatemala, volvan ás aulas e a unha contorna de aprendizaxe propicia que teña en conta a súa saúde e o seu benestar psicosocial, tras o peche dos centros educativos pola pandemia de COVID-19. Fase 1 e Fase 2
- Proxecto KLOB'L T'E YAB'IL (prevención da enfermidade) para garantir as condicións esenciais de resposta, en materia de gobernanza, hábitat (auga e saneamento) e hixiene, fronte á COVID-19, cunha visión de recuperación e impacto a longo prazo, na Comunidade Mam Cajolá, formada por 267 familias indíxenas, na súa maioría nais solteiras e viúvas, do departamento de Retalhuleu, Guatemala.

Máis información sobre os proxectos e a experiencia de anteriores persoas bolsieras PCR na paxina web <http://www.galicia.asfes.org/category/cooperacion-internacional/pcr/>

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

O traballo que realizarán as prazas ofertadas nesta convocatoria debe estar obrigatoriamente enmarcado curricularmente na UDC (traballo fin de grado, proxecto de fin de carreira, traballo obrigatorio de materia, prácticas, tese de doutoramento, etc). Serán tarefas obrigadas das persoas seleccionadas a participación activa na difusión do traballo a través da ferramenta indicada pola OCV, a realización previa dunha formación presencial específica en proxectos de coñecemento da realidade organizada pola OCV, a presentación final de documentación e informes pertinentes que xustifiquen a súa estadía e os traballos desenvolvidos e a participación posterior en actividades de sensibilización.

Así mesmo realizarán tarefas de apoio ao traballo realizado por ASF de forma paralela á investigación ou traballo académico.

As accións de apoio centrarse nestas funcións:

1. **Acompañamento ás actividades dos proxectos enriba mencionados, en concreto:**
 - a. Acompañamento nas obras
 - b. Acompañamento en obradoiros e actividades do proxecto
 - c. Apoio no seguimento do proxecto
2. **Difusión dos proxectos nas plataformas de ASF**
3. **Actualización do blogue PCR**

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Formación complementaria en cooperación ao desenvolvemento e en voluntariado social:

- Cooperación ao desenvolvemento.
- Voluntariado ou proxectos sociais.
- Habitabilidade básica.

Experiencia en voluntariado:

- Experiencias en voluntariado social
- Ser persoa voluntaria de ASF cunha traxectoria polo mesmo de tres meses. Darase prioridade ás persoas voluntarias do grupo de traballo de cooperación internacional da Demarcación de Galicia.

Pertinencia do traballo vinculado ao recoñecemento curricular da estadía

Entrevista persoal

REUNIÓN INFORMATIVA E RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS

Realizarase unha reunión informativa o martes 14 de febreiro ás 16:00 horas na sede de ASF na Coruña (ETSAC, Campus da Zapateira, planta 2) con opción de conexión telemática onde explicárase con máis detalle as prazas ofertadas e resolveranse dúbidas. Para poder acudir á reunión necesítase inscribirse previamente nesta enquisa:

<https://forms.gle/gqkMWsf5TSF1vgt17>

Para realizar calquera consulta pódese escribir ao correo: gtguatemala.gal@asfes.org ou chamar ao teléfono 981167000 extensión 5033 en horario de 10:00 a 14:00 de luns a xoves

SOLICITUDE

As solicitudes deberán enviarse ata o día **19 de febreiro ás 23:59** o e-mail gtguatemala.gal@asfes.org.

A documentación requirida para a súa validación será a seguinte.

1. CV cos datos mais relevantes para a praza e coas actividades afíns realizadas.
2. Carta de motivación persoal para a participación na convocatoria. Recoméndase incluír unha breve descrición da proposta de traballo ou investigación académica que se vai realizar durante a estadía.

As persoas seleccionadas en base ao curriculum poderán ser convocadas a unha entrevista persoal. A resolución da convocatoria farase pública o 23 de febreiro.

Convocatoria do programa de coñecemento da realidade [PCR] 2023 de ASF-Galicia

Trala selección, as persoas candidatas seleccionadas deberán, coa axuda co grupo de traballo de Guatemala, elaborar a proposta e documentación para presentarse a [convocatoria de PCR da UDC antes](#) de 3 de marzo.

En A Coruña, a 3 de febreiro de 2023